



## A LENDA DO HOME DE SAGRES

Ribeira (A Coruña)

**A** consellan os anciáns do lugar a todo o que pasa preto do rochedo coñecido como O Home de Sagres, que peche os oídos e abra o entendemento. Din que sobre o vento nocturno cabalga un queixume de tal tristeza que a pena confunde os mariñeiros e failles naufragar entre os rochedos, petrificándose para toda a eternidade.

É a pena de Forcadiña, filla do xefe da tribo Oestrymnios ou “comedores de ostras”, considerados polos expertos como os primeiros galegos. Contan que os protexía unha lenda coñecida por todos os aldeáns, segundo a cal quen os ameazase se convertería en pedra, por iso, durante moitos anos, reinou unha plácida paz nesas lareiras.

Pero un día comezaron a arribar tribos celtas ás costas galegas co ánimo de conquistar e establecerse en novas terras. Entre eses novos pobos, chegou a belicosa tribo celta dos Saefes, cuxo ambicioso rei, ao decatarse da lenda que protexía os Oestrymnios urdiu un terrible plan para


invadir de forma pacífica a aldea: namorar a Forcadiña, a fermosa filla do xefe da tribo, e casar con ela. Desá unión naceu Noro, o seu único fillo.

Pero quixo o destino que, ao pouco tempo se descubriuse que ese falso amor era parte dun malévolo plan e produciuse o temido encantamento: o rei dos Saefes petrificouse e converteuse no Home de Sagres, a pedra que, con forma humana, forma o illote de Sagres. A súa lingua, que se partiu en sete pedazos, formou o illote das Setelinguas e coas súas moas e o resto da súa mandíbula formáronse as Moas, as Queixadas e as rocas que, en marea baixa, acompañan a Setelinguas. As outras penas e illotes son Forcadiña e Noro, que tamén espaxaron os seus restos pétreos polo mar. O triste queixume de amor de Forcadiña atraeu os mariñeiros Saefes, que se petrificaron para sempre e, din, aínda continúa vagando polo lugar en busca de consolo.



# A LENDA DE BUSERÁN NO CASTRO DE XANSÓN

Moraime, Muxía (A Coruña)



**S**e te asomas á furna que hai preto do Castro de Xansón nunha noite sen lúa, podes escoitar as cancións de amor que Buserán canta ao oído da súa amada. Conta a lenda que na fortaleza que hai na cima do castro de Xansón, alá por Vos Castelos, vivía unha fermosa moza chamada Florinda, filla dun rico e valente cabaleiro, á que o seu pai gardaba e protexía como o maior dos seus tesouros.

Pero sucedeu que afastadas guerras reclamaron a presenza do cabaleiro e, na súa ausencia, chegou ás portas da fortaleza un trovador de cancións galegas de amor e guerra chamado Buserán que, coas súas divertidas letras e melodiosa voz, fixo as delicias de todos os seus habitantes. Ambos os mozos, ao verse, namo-

ráronse inmediatamente. Ao volver o pai dos afastados reinos, tivo coñecemento dos amoríos e expulsou o trovador e encerrou a Florinda nos seus aposentos. Pero este castigo uniunos aínda máis e todas as noites Buserán cantaba a Florinda cancións de amor desde os outeiros dos arredores.

O cabaleiro, enfurecido, ordenou perseguir e dar morte ao trovador e así o fixeron os seus fieis vasallos: Buserán foi guindado desde o alto dun penedo a unha furna da costa, afogando a súa voz para sempre. Florinda, ao decatarse do tráxico fin do seu amado,

toleou e, durante moitos días e noites, vagou sen rumbo gritando polos cantís o nome do seu amado.

Unha noite avisaron ao cabaleiro de que a súa filla estaba no alto da furna suplicando a berros ao vento que, desde o máis fondo do mar, lle trouxese a súa voz. De súpeto, o vento comezou a bramar e o mar, encoraxándose, levantou unha onda xigantesca que subiu polo cantil, envolvou a Florinda e levouna ao fondo da furna. Á fin, os dous amantes xuntáronse para sempre. Din que, aínda hoxe, os que desexan que o seu amor sexa correspondido, achéganse alí e escoitan a melodiosa voz de Buserán coa esperanza de que se cumpra o seu desexo.

# O herbicida cheo de tecnoloxía

**System 4**  
TECHNOLOGY



 **TouchdownPremium®**

**syngenta®**

Herbicida non selectivo de postemerxencia, de potente efecto sistémico que controla todas as malas herbas anuais e perennes, mesmo as máis difíciles